

**ACTA NÚMERO: 20/2023**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 2 DE XUÑO DE 2023.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e trinta minutos do día 2 de xuño de 2023 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** Dona Carmen Fraguas Sarrapio, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 26 de maio de 2023 (Reunión 19/2023).*
2. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira". (Expte.- 2021053050).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira". (Expte.- 2021053050).*
4. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguraza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2023004714).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguraza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2023004714).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais. (Expte.- 2023017069).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais. (Expte.- 2023017069).*
8. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3). (Expte.- 2023006937).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3). (Expte.- 2023006937).*



Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 26 de maio de 2023 (Reunión 19/2023).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 26 de maio de 2023 (Reunión 19/2023).

**2. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira". (Expte.-2021053050).**

A Secretaria da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e a única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.

A Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona Maria del Carmen Gómez Manzano, con data 29 de maio de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada pola única empresa licitadora admitida, figurando co seguinte resultado:



EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	14,00	1,00	15,00

A Mesa de Contratación en base ó informe da Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona Maria del Carmen Gómez Manzano, de data 29 de maio de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira”*.

**3. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira”. (Expte.-2021053050).**

A Secretaria informa ós asistentes da puntuación acadada pola única empresa presentada e admitida ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira”*.

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	15,00

A Secretaria comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	463.326,45 €	3%	36 MESES	NON OBXECTO	NO

A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo da oferta económica presentada pola empresa admitida neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración da oferta obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	7,50	5,00	5,00	0,00	17,50

En base ás puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	15,00	17,50	32,50

2. Propor ó Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira*" á empresa, DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., (CIF B94129368) por un importe de 560.625,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado .....463.326,45 €  
IVE (21%) .....97.298,55 €  
Importe Total .....560.625,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., (CIF B94129368), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 4994) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica

#### Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso



contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

#### Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 23.166,32 €.

**4. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2023004714).***



A Secretaria da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 14 de abril de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *“Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de abril de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 24 de abril de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	20,00	2,00	22,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	2,00	20,00
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	16,00	3,00	19,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	14,00	2,00	16,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00



A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 30 de maio de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)".

**5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2023004714).**

A Secretaria informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	24,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	22,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	20,00
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	19,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	18,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00
HORDESCON, S.L.	16,00

A Secretaria comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.





O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	762.979,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	763.059,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	782.037,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	804.151,57 €	3%	12 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	743.357,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	774.558,78 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	771.985,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	799.728,73 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.



**6. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais. (Expte.- 2023017069).**

A Secretaria da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do día 12 de maio de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Subministro de licenzas de licenzas CITRIX da Deputación de Pontevedra e a renovación do período de vixencia das actuais”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12/05/2023. Así mesmo, publicáronse no Perfil de Contratación na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Secretaria informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- **TECNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICOS SAU (A-79054748)**

**7. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais. (Expte.- 2023017069).**



O Secretario da Mesa de Contratación na reunión de data 2 de xuño de 2023, efectuou a apertura do sobre A do procedemento convocado para a contratación do “Subministro de licenzas de licenzas CITRIX da Deputación de Pontevedra e a renovación do período de vixencia das actuais”, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

. Técnicos Asociados Informática S.A.U. (A-79054748).

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación do sobre “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresa Técnicos Asociados Informática S.A.U. (A-79054748) admitida ó devandito procedemento.

Os valores ofertados pola empresa Técnicos asociados informática SAU, son os seguintes:

Prezo ofertado:

Prezo ofertado do suministro sen IVE (200 licenzas)	39.222,25 €
Prezo ofertado das actualizacións sen IVE (3 anos) (370+8+200=578)	117.666,75 €
Total sen IVE	156.889,00 €
21% IVE	32.946,69 €
Total ofertado IVE engadido (subministro + actualizacións)	189.835,69 €

A Mesa de Contratación acorda facultar á Secretaria para que, de resultar a oferta en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

- 8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3). (Expte.- 2023006937).**

A Secretaria da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 31 de marzo de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a



conclusión, mediante procedemento aberto, do *Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3)*.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 17 de abril do 2023, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de abril do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na sesión do día 12 de maio do 2023, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, e declarou admitidas ás seguintes empresas:

LOTES	EMPRESAS LICITADORAS
Lote 1: Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.	Ningunha
Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.	Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399

A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cooperación para a súa valoración.

O servizo de Cooperación, con data 30 de maio do 2023, emitiu o referido informe de valoración (CSV: WRHDQ21SW4Z9SBME), co seguinte resultado:

### Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.

		<b>Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399</b>
<b>SOBRE B</b>		
<b>1. Calidade técnica, organización de medios materiais e metodoloxía de traballo</b> , ata un máximo de 25 puntos. A puntuación distribuirase en función dos seguintes subcriterios:		<b>19,00</b>
a) Calidade técnica da proposta, cumprimento de aspectos formais, coherencia, nivel de detalle e complitude, ata un máximo de 5 puntos		4,00
b) Calidade da metodoloxía de traballo, ata un máximo de 7,5 puntos.		6,00
c) Calidade da proposta en relación aos medios materiais dispoñibles e a súa organización, ata un máximo de 7,5 puntos.		6,00



d) Calidade da proposta en relación ao nivel de innovación, proactividade e capacidade de resolución de incidencias, ata un máximo de 5 puntos.	3,00
<b>2. Organización, cualificación e experiencia do equipo de persoal destinado á execución do contrato, ata un máximo de 20 puntos.</b>	<b>15,00</b>
a) Calidade técnica da proposta, cumprimento de aspectos formais, coherencia, nivel de detalle e complitude, ata un máximo de 5 puntos.	5,00
b) Calidade da proposta de adscrición do equipo de persoal en termos de cantidade, coñecementos, experiencia e dedicación , ata un máximo de 7,5 puntos.	5,00
c) Calidade da proposta en relación á estrutura dos recursos humanos, transversalidade do equipo, enfoque multidisciplinar e capacidade de resolución de incidencias , ata un máximo de 7,5 puntos.	5,00
<b>TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 45 puntos)</b>	<b>34,00</b>

A vista do exposto, a Mesa de Contratación acorda:

Prestar conformidade ao informe de valoración do servizo de Cooperación (CSV: WRHDQ21SW4Z9SBME), e, en base ao mesmo, outorgar á empresa que resulta admitida no procedemento aberto seguido para a conclusión do *Acordo marco para a contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguemento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (lotes 1 e 3)*, as puntuacións acadadas no referido informe, co seguinte resultado:

Lote	Empresas	Puntuación sobre B
3	Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399	34,00

**9. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3). (Expte.- 2023006937).**

A Secretaria da Mesa de Contratación informa das puntuacións acadadas no sobre B, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, pola empresa que resultou admitida, respecto ao procedemento convocado para a conclusión do *Acordo*



marco para a contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguemento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (lotes 1 e 3):

Lote	Empresas	Puntuación sobre B
3	Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399	34,00

Así mesmo, informa que a presentación de ofertas realizouse na plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital, que se emprega para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas admitidas que acadaron o 50% da puntuación máxima asinable na documentación avaliable mediante xuízos de valor (45,00 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

### Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.

Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399

Experiencia do/a coordinador/a xeral dos proxectos	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.
	(1) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.
	(6) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento
Experiencia do/a responsable da parte técnica dos proxectos	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.



	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.
	(7) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento
Experiencia do/a responsable da parte económica-administrativa dos proxectos	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.
	(1) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.
	(6) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento

Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote:

- Prezo sen IVE: 226.000,00 €
- IVE (21%): 47.460,00 €
- Prezo TOTAL: 273.460,00 €

A Mesa de Contratación acorda facultar á Secretaria para que, de resultar a oferta en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, a Secretaria, o Presidente da Mesa de Contratación.

